

## Presentación de *Violeta tamurana*, de Andrea Maceiras

O xurado do IV premio de literatura infantil e xuvenil “Meiga Moira”, integrado polo escritor e catedrático da Universidade da Coruña Carlos Paulo Martínez Pereiro, a profesora de Ensino Medio, Conchi Regueiro, Belén López, directora editorial de Baía Edicións, que actuou como secretaria, e Marica Campo, que lles fala, acordou por unanimidade outorgar o galardón á obra presentada baixo o lema Arquipélago, titulada *Violeta tamurana*. Aberta a plica, descubrimos que a autora era Andrea Maceiras Lafuente, unha moza que aínda non cumprira os vinte anos naquel momento, mais non nova na literatura. Estudante de Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña, xa obtivera nos anos 2002, 2005 e 2006, o Premio de relato breve do Concello de Cambre, e no 2007 o de poesía. Tamén fora finalista do certame “Os Viadutos” en 2006 e con *Proxecto Bolboreta* acadara o 1º premio de micronovela do Concello de Soutomaior en 2007, obra que está publicada na colección Fóra de Xogo de Xerais. E finalista o mesmo ano 2010 do premio Biblos-Pazos de Galicia.

O xurado argumentou a concesión dicindo que a novela se caracteriza pola axilidade narrativa e o estilo poético, con descrições de gran beleza. Que nela se ofrece unha mensaxe contra o racismo e se pon en valor a tolerancia, a defensa da identidade e a fusión coa natureza.

Efectivamente, e referíndonos ao carácter poético da obra, a autora consegue coas súas descrições que imaxinemos paisaxes fantásticas, paisaxes doutro mundo, acaso comparábeis na súa rareza coas que vimos na película *Avatar*. Repito, comparábeis na súa rareza, non miméticas, porque son orixinal a Illa Tamurana e o mundo que separa a Barreira de Cristal do Continente Luminoso.

Xa na canción inicial titulada “Aquí” imos coñecer á que é unha protagonista case humana, fundamental no libro: A tamurana, un flor xigante, de sangue violeta e quente, que canta cos seus sete pétalos sete luces novas. Reparen na beleza da sinestesia. Mágoa que aínda eu non dispuxese dela cando lles explicaba aos meus alumnos esta figura retórica que lle atribúe percepcións a un sentido que son propias doutro.

Mais o que quero destacar é que estamos diante dunha novela xuvenil dotada con todos os elementos característicos deste xénero.

En primeiro lugar, a idade do protagonista principal. Pao ten 14 anos, é un rapaz como os destinatarios principais da novela. É un protagonista potente, que debe pasar polas probas que o conducirán á consecución dos seus obxectivos, uns obxectivos nobres ao servizo da supervivencia do seu pobo. O heroe contará cun mentor, o seu tío Cairo, e

outros personaxes que o auxiliarán na empresa. Pel, a moza de Cairo, ou a vella sabia Nidia. Como non falta a viaxe iniciática, ao outro lado da fronteira, no mundo dos Luminosos, agárdano as heroínas femininas Alén e Liza, non menos valentes e ousadas ca el, integrantes da Resistencia, a loitar pola xustiza. Liza, sen ela mesma sabelo, é un tanto racista. Mais aprenderá de Pao a lección da igualdade das persoas. E xurdirá o amor, claro. Porque a viaxe do protagonista é paralela ao camiño que percorre para devir outro.

Mais non é cousa de contar a novela, senón de convidar á súa lectura. Non só á xente nova, senón tamén aos adultos. Porque, como é sabido, literatura xuvenil é a que vale, “tamén” para rapaces. Tamén.

Andrea Maceiras resolve magnificamente esa dicotomía en que se debaten os autores de literatura infantil e xuvenil: A necesidade de ensinar e a necesidade de divertir. Moitos inclínanse a un ou outro lado sen conseguir o equilibrio. Aquí as leccións veñen dadas polo propio proceso de maduración dos personaxes, non son apósitos a xeito de sentenzas moralizadoras. Son vivencias cargadas de significado. Así, as mensaxes contra o racismo, a igualdade de xénero, a solidariedade ou o coidado da natureza, chégannos envoltas no proceso dunha aventura apaixonante.

Só me resta felicitar a Andrea Maceiras por este fermoso libro. Quen o ler, pasarao moi ben con todos os personaxes, mais seguro que nunca esquecerá a maxia da tamurana, a flor que tinguía o ar de cor violeta.

**Marica Campo**